



Isabel Muñoz

Do 11 de febreiro ao 16 de abril de 2006

Auditorio de Galicia



Coa colaboración de:

Canon
PICTO

© Isabel Muñoz / VU La Galerie

A mostra **Isabel Muñoz** que se poderá ver na sala de exposicións do Auditorio de Galicia, está formada por máis de setenta fotografías do corpo nas que a técnica empregada é fundamental para acadar a mensaxe desexada.

Esta exhibición coincide coa súa presenza en ARCO na galería Mario Sequeira.

Isabel Muñoz é a fotógrafa do corpo. O seu é unha arte onde a sensualidade, o pracer e o desexo quedan atrapados nun *clic*. Sexan imaxes completas ou fragmentos de persoas, as súas fotografías en branco e negro sempre teñen unha gran forza e beleza. Como a propia autora afirmou nalgunha ocasión, “cando estamos diante dunha destas imaxes apetécenos tocalas cos ollos ademais de coa man”.

Desde hai vinte anos, Isabel Muñoz (Barcelona, 1950) percorre o mundo para plasmar en imaxes os movementos, e os corpos que atopa facéndose coa súa plasticidade e a súa textura. Así, esté en Cuba ou en África, constrúe unha xeografía dos corpos que a devolve sempre aos ballets clásicos ou contemporáneos de Madrid e que ela acaricia cunha mirada tan amorosa como esixente. E coidando ata o último detalle da tiraxe, constrúe unha obra clásica, á vez pura e erótica, eloxio dunha liberdade simbolizada por corpos capaces de escapar da atracción terrestre e do peso da realidade continxente.

Do tango ao flamenco, da danza oriental ao ballet khmer, dos grandes mestres das artes marciais de China aos loitadores de Turquía. Toma como pretexto a práctica auténtica da danza e dos deportes tradicionais para falarnos da situación do corpo na sociedade contemporánea. Reivindicando, a sensualidade, o pracer, o desexo, en encadres de rara precisión, opoñéndoos, ao encerro actual duns corpos sometidos a normas, reprimidos e vexados.

Isabel Muñoz naceu en Barcelona, aos vinte anos trasladouse a vivir a Madrid. En 1979 decidiu converter a súa afición en profesión. Matriculouse en Photocentro. Realizou a fotofixa de filmes como *Salgorda* e *Penumbra*. De 1982 a 1996 ampliou os seus estudos en Nova York.

En 1986 realizou a súa primeira exposición, "Toques", no Instituto Francés á que seguirán exposicións en varias cidades españolas, e países como Francia, Bélxica, Estados Unidos, Suíza, Turquía, Italia, Grecia, Suecia e Portugal.


No ano 2005 expuxo "Isabel Muñoz" na Galleria Credito Valtellines, Milán, Italia; "Cuerpo a Cuerpo" no Centro Cultural de España en Santo Domingo, República Dominicana; "Afrique, peuples pasteurs au sud de l'Ethiopie", Galerie d'Art Contemporain, Paris, Francia. E participou nas exposicións colectivas: "Miradas de mujer. 20 fotografías españolas". Museo de Arte Contemporáneo Esteban Vicente de Segovia, España e "Diez miradas/Ten views". Pabellón de España. Expo-Aichi 2005, Xapón.

No ano 1992 publicou o seu libro *Parade Nuptiale* coa editorial Fata Morgana de Montpellier (Francia), con texto de Gérard Macé. No ano 1995 publicou *María Ilusión* na editorial Plume, París e *Rome Efemer* na editorial Gallimard de París. En 1997 edita os libros *Figures Sans Visages*, en Fata Morgana de Montpellillier e *Rome, l'invention du Barroque* coa editorial Marval, París, ambos con texto de Gérard Macé. No ano 2000 publica *Isabel Muñoz*, con texto de Christian Caujolle, unha monográfica da súa obra dentro da colección PhotoBolsillo, editado por La Fábrica – Tf. Editores e Caja Madrid, Madrid.

Isabel Muñoz recibiu varios premios polo seu traballo, entre os que destacan a Medalla de Ouro na Bienal de Alexandría, 1999, 2º premio na categoría "The Arts Stories" na 43ª Edición do World Press Photo por "Chines Martial Arts Training" e o 3º Premio na categoría

“Portraits Stories” na 48ª Edición do World Press Photo por “The Surma people of Ethiopia”, publicado por *El País Semanal*.


Isabel Muñoz ten obra nas seguintes coleccións: Maison Européenne de la Photographie de París, Museo de Arte Contemporáneo de Nova York, Museo de Arte Contemporáneo de Houston, Colección da Vila de Xenebra e en varias coleccións privadas.



“Os surma de Etiopía son unha tribo de guerreiros e pastores, e unha das últimas no mundo que vive espida. Tras un longo achegamento, Isabel conseguiu –e soubo- fotografalos nunha serie de retratos, de detalles do corpo, de coidada pouse, de confrontación coas miradas, que reflicte un impresionante retablo dun pobo singular, da súa cultura e saber facer. A Isabel Muñoz fascinoulle o hábito destes homes que se marchan a coidar dos seus rabaños na meseta e dedican o tempo a decorarse uns a outros. Unhas pinturas corporais realizadas cas mans, como caricias gráficas que a mirada da fotógrafa á súa vez acariña ao domesticar a luz. Herbas, dedos, peites, elementos vexetais sellados inventan paisaxes de corpos sublimes. A fotógrafa, fiel o seu enfoque, pasa con elegancia de instalar na paisaxe estes corpos, verdadeiras arquitecturas, a reflectir fragmentos sensuais e gráficos. Logo plasmaos nuns tiraxes de platino de gran formato que volven palpables o gran da pel inscrito no gran da fotografía. Todo é sensualidade e superación da representación, captura da luz e inscrición das formas. Coma se

quixese demostrar que, por paixón, pódese renovar radicalmente o xénero da fotografía etnolóxica ou etnográfica, que podía dar a impresión de desaparecer, e afirmar sinxelamente que, allea ao exotismo, a fotografía pode seguir existindo para xerar forma, emoción e sentido á marxe dos nosos etnocentrismos, ao retrotraernos, ao seu xeito, aos inicios da historia da Humanidade. "

Christian Caujolle



“Son dous labios que se converten nun territorio. Son dous labios carnosos dun africano, vistos de moi cerca. Son dous labios como nunca somos capaces de ver. De feito, non son dous labios. Só se trata sobre o papel, dunha forma impresa en sales de prata, que debuxa un corazón sensual gretado coma unha paisaxe árida e prometedora de praceres. Son dous labios convertidos en fotografía que poderían ser metáfora da imaxe arxéntica movida só polo desexo.” Christian Caujolle



“Isabel Muñoz examina de maneira obsesiva o lugar do corpo nas nosas sociedades –e na historia das nosas sociedades- porque pensa, sabe, que a sensualidade, o desexo, a necesidade de pracer son, ao igual que a fascinación polo poder, os verdadeiros motores das nosas vidas. E dicidiu revelar –existen poucos termos máis fotográficos que este- este estado da humanidade que nos devolve ás orixes ao darlle forma e ao vencilar a súa propia vida con esta búsqueda de interrogantes de corpos desexantes. O home como “máquina desexante” atópase no corazón da obra, e para que o discurso sexa perceptible, cun dobre interrogante sobre a definición da beleza –vinculada unha vez máis co pracer, o do ollo e non o da carne- e sobre a natureza mesma da fotografía.” Christian Caujolle